



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

18 ABR. 2024 12:42:26

Entrada **21868**

Sobre a programación das frecuencias e servizos dos trens Avril na Galiza e política tarifaria

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á planificación e programación das frecuencias e servizos dos trens Avril na Galiza e política tarifaria.**

Despois de agardar case tres anos e despois de varios anuncios errados, parece que por fin se concreta a entrada en funcionamento dos trens Avril unha vez que Talgo entregou o pasado 11 de abril dez trens da serie 106. Fican por entregar 16 máis.

O Ministro de Transportes confirmou o 15 de abril que o 18 de abril daría comezo a venda de billetes para servizos con estes trens a partir do 21 de maio. Do que aínda non temos información é da planificación dos servizos e das frecuencias. Unicamente foi anunciado que Renfe ofertará máis de 2 millóns de prazas ao ano na Galiza sen especificar o programa de horarios.

Avanzouse que haberá dous servizos ao día na conexión Vigo-Pontevedra-Vilagarcía-Santiago-Ourense-Madrid e outra de volta. Así como outros dous servizos ao día desde A Coruña cara Madrid e viceversa. Nas dúas conexións ferroviarias prevese unha redución dos tempos de viaxe de 16 minutos. O Ministerio tiña anunciado en xaneiro pasado que podería haber 5 frecuencias ao día no momento no que se dispuxesen de todos os Avril.

As obras na estación de Chamartín Clara Campoamor e os problemas na fiabilidade dos trens parecen ser a causa desta estrea restrinxida de servizos. Mais o BNG leva meses solicitando a planificación dos trens Avril pois,

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

18 ABR. 2024 12:42:26

Entrada **21868**



coidamos que independentemente de problemas temporais, Renfe debера contar cunha previsión de servizos a prestar cos novos trens.

Renfe está a comunicar con pouco tempo de antelación as ofertas para Galiza ou dos novos servizos, polo que sería necesario que informase con tempo da programación horaria dos Avril, das frecuencias, dos prezos (os de promoción e os definitivos) e da súa utilidade para o conexión interna no territorio galego a fin de mellorar a cohesión territorial e as comunicacións por tren.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que servizos e frecuencias se van realizar cos trens da serie 106 nas conexións Vigo-Madrid e viceversa e A Coruña-Madrid e viceversa? Que paradas van facer no territorio galego?
2. Conta Renfe coa planificación de servizos cos trens Avril que se vai fixar unha vez terminadas as obras de Chamartín Clara Campoamor e unha vez estean operativos todos os trens da serie 106? De ser así, pode informar da programación a establecer cos novos trens?
3. Informará aos galegos e galegas con suficiente tempo das frecuencias, prezos e servizos dos trens Avril?
4. Pode explicar cal vai ser a política tarifaria? Contempla Renfe fixar uns prezos máis baixos de forma permanente que os escandalosos prezos dos Alvia? Vai ofertar prezos de billetes asumibles de forma permanente para as maiorías sociais?
5. Prevé que os Avril cumpran tamén unha función de vertebración interna do territorio galego para mellorar a conexión entre cidades e vilas? Que plans ten previsto neste sentido? Vanse utilizar para incrementar os servizos ferroviarios dentro da Galiza?



6. Comparte que a chave do transporte ferroviario está no seu uso para o tránsito da mobilidade diaria e de proximidade das persoas? Non cre que é esta parte a que debe reforzarse ate que Galiza conte cun tren de cercanías?

Madrid, a 18 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la planificación y programación de las frecuencias y servicios de los trenes Avril en Galiza y política tarifaria.**

Después de esperar casi tres años y tras de varios anuncios erróneos, parece que por fin se concreta la entrada en funcionamiento de los trenes Avril una vez que Talgo entregó el pasado 11 de abril diez trenes de la serie 106. Quedan por entregar 16 más.

El Ministro de Transportes confirmó el 15 de abril que el 18 de abril daría comienzo la venta de billetes para servicios con estos trenes a partir de 21 de mayo. De lo que aún no tenemos información es de la planificación de los servicios y de las frecuencias. Únicamente fue anunciado que Renfe ofertará más de 2 millones de plazas al año en Galiza sin especificar el programa de horarios.

Se avanzó que habrá dos servicios al día en la conexión Vigo-Pontevedra-Vilagarcía-Santiago-Ourense-Madrid y otra de vuelta. Así como otros dos servicios al día desde A Coruña cara Madrid y viceversa. En las dos conexiones ferroviarias se prevé una reducción de los tiempos de viaje de 16 minutos. El Ministerio había anunciado en enero pasado que podría haber 5 frecuencias al día en el momento en el que se dispusieran de todos los Avril.

Las obras en la estación de Chamartín Clara Campoamor y los problemas en la fiabilidad de los trenes parecen ser la causa de este estreno restringido de



servicios. Mas el BNG lleva meses solicitando la planificación de los trenes Avril pues consideramos que, independientemente de problemas temporales, Renfe debería contar con una previsión de servicios a prestar con los nuevos trenes.

Renfe está comunicando con poco tiempo de antelación las ofertas para Galiza o los nuevos servicios, por lo que sería necesario que informara con tiempo de la programación horaria de los Avril, de las frecuencias, de los precios (los de promoción y los definitivos) y de su utilidad para la conexión interna en el territorio gallego el fin de mejorar la cohesión territorial y las comunicaciones por tren.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué servicios y frecuencias se van a realizar con los trenes de la serie 106 en las conexiones Vigo-Madrid y viceversa y A Coruña-Madrid y viceversa? ¿Qué paradas van a hacer en el territorio gallego?
2. ¿Cuenta Renfe con la planificación de servicios con los trenes Avril que se va a fijar una vez terminadas las obras de Chamartín Clara Campoamor y una vez estén operativos todos los trenes de la serie 106? De ser así, ¿puede informar de la programación a establecer con los nuevos trenes?
3. ¿Informará a los gallegos y gallegas con suficiente tiempo de las frecuencias, precios y servicios de los trenes Avril?
4. ¿Puede explicar cuál va a ser la política tarifaria? ¿Contempla Renfe fijar unos precios más bajos de forma permanente que los escandalosos precios de los Alvia? ¿Va a ofertar precios de billetes asumibles de forma permanente para las mayorías sociales?



5. ¿Prevé que los Avril cumplan también una función de vertebración interna del territorio gallego para mejorar la conexión entre ciudades y villas? ¿Qué planes ha previsto en este sentido? ¿Se van a utilizar para incrementar los servicios ferroviarios dentro de Galiza?

6. ¿Comparte que la clave del transporte ferroviario está en su uso para el tránsito de la movilidad diaria y de proximidad de las personas? ¿No cree que sea esta parte a que debe reforzarse hasta que Galiza cuente con un tren de cercanías?

Madrid, a 18 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso